

Memoria de **ACTIVIDADES** **2018**





Memoria de Actividades 2018 da Coordinadora Galega de ONGD

EDITA

Coordinadora Galega de ONGD
Rúa Basquiños 33, 1º A – 15704 Compostela
www.galiciasolidaria.org

REDACCIÓN

Coordinadora Galega de ONGD

DESEÑO E MAQUETACIÓN

conxenia.gal

FOTOS DE PORTADA

Manuela (Ita) Xocol e Juventina López, activistas de Guatemala

Algunhas das actividades organizadas e desenvolvidas pola Coordinadora e das que se dan conta nesta memoria contaron co apoio financeiro da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE) e o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación de Pontevedra.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	4
QUEN SOMOS	6
O TRABALLO DAS ONGD GALEGAS NO MUNDO.....	10
VOCES DO SUR	13
PARTICIPACIÓN E TRABALLO EN REDE	27
INCIDENCIA POLÍTICA.....	33
XORNADAS E FORMACIÓNS.....	36
COMUNICANDO.....	38
TRANSPARENCIA	41



PRESENTACIÓN

As memorias de actividades permiten contar o traballo que dende a Coordinadora Galega de ONGD levamos a cabo o último ano. Ademais, representan un exercicio de transparencia e rendición de contas coa cidadanía galega que nos apoia e fai posible o noso labor.

Para a Coordinadora, o 2018 foi un ano cheo de traballo e compromiso na defensa dos dereitos de todas as persoas. Apostamos por promover a presenza en Galicia de activistas, lideresas e defensoras de dereitos coas que as ONGD galegas traballan en Nicaragua, Guatemala e Honduras; impulsamos o traballo de comunicación coa posta en marcha da nova web, a elaboración dun Plan de Comunicación e a publicación do informe ***O traballo das ONGD galegas no mundo***. Levamos a cabo un enorme traballo de incidencia política no marco de negociación do **IV Plan Director da Cooperación Galega** coa Vicepresidencia da Xunta; seguimos traballando polo aumento dos orzamentos da Cooperación Galega e pola posta en marcha de novas convocatorias nos concellos e deputacións. Levamos a cabo con éxito a terceira edición do programa Compostela + Solidaria; estreamos 'Mulleres que mudan o mundo', un convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra; e iniciamos o proceso de elaboración do estudo sobre a cooperación local en Galicia xunto ao Fondo Galego de Cooperación. Participamos no Equipo Directivo da Coordinadora Estatal de ONGD, na Rede de Coordi-

nadoras Autonómicas, na organización do encontro de Quorum Global e nos distintos Consellos de participación dos que formamos parte. Foi, sen dúbida, un ano intenso e cheo de recoñecementos.

Traballamos arreo nun contexto internacional desolador no que os gobernos do mundo seguen sen asumir o seus compromisos coa **Axenda 2030 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** para dar resposta aos retos globais vinculados coa pobreza, as crecentes desigualdades e o colapso do planeta. Comprobámolo co trato que a Europa fortaleza segue a dar as persoas refuxiadas e migrantes: en 2018, máis de 2.200 persoas morreron no Mediterráneo intentando chegar a territorio europeo mentres os gobernos aprobaron e executaron medidas contrarias á lexislación internacional de dereitos humanos como non permitir ás ONGD saír ao mar a salvar vidas ou as sistemáticas devolucións 'en quente' nas fronteiras.

A Caravana de migrantes de Centroamérica deixou constancia da situación de pobreza, violencia e desesperación que tamén afecta a esta rexión do planeta e dos muros e fronteiras impostas por México e Estados Unidos para impedir a entrada de miles de persoas. Bolsonaro, en Brasil, deu conta do auxe da ultradereita e das forzas políticas antidereitos en contextos onde as cifras de desigualdade, violencia e represión son alarmantes. En Nicaragua, o goberno de Ortega protagonizou graves

violacións dos dereitos humanos para acabar coas protestas da mocidade que tiveron como trágico resultado a morte de máis de 500 persoas e centos de detidas. Tamén, en 2018, un total de 321 persoas defensoras de dereitos foron asasinadas no mundo, a gran maioría activistas medioambientais e dos pobos indíxenas.

A devastadora guerra en **Siria** continuou arrasando a vida de milleiros de persoas; a ONU cualificou de “intento de xenocidio” a persecución da minoría étnica Rohingya en **Myanmar**. En 2018, o terrorismo seguiu matando: Estado Islámico, Al-Qaeda e Boko Haram asasinaron centos de persoas en **Afganistán, Somalia, Paquistán, Kurdistán, Siria** ou **Mali** ao longo do ano. Países con maioría de poboación musulmá e con conflitos e guerras que se manteñen no tempo grazas ás armas que exportan Europa e Estados Unidos, os mesmos territorios que pechan o paso á poboación civil que fuxe do horror da guerra. En **Palestina**, foron asasinadas polas forzas israelís 298 persoas, 57 delas menores de idade segundo a ONU, e ata 29.000 palestinos e palestinas resultaron feridas polas nos territorios ocupados, principalmente en Gaza, durante a Gran Marcha do Retorno, o maior número desde que a ONU empezou a documentar as vítimas no ano 2005.


O planeta amosa signos inequívocos de **colapso e o cambio climático** é un dos maiores retos da nosa época. Vivimos nunha situación de crise ecolóxica que afecta ás persoas máis vulnerables, especialmente ao 70% da poboación mundial que vive en zonas rurais. A subida da temperatura global, a elevación do nivel do mar, a acidificación dos océanos e outros efectos do cambio climático están afectando gravemente ás zonas costeiras. Periga a supervivencia de moitas sociedades e dos sistemas de sostén biolóxico.

Malia esta terrible realidade, 2018 tamén foi un ano cheo de loitas e alianzas da sociedade civil a favor dos dereitos das mulleres, das migrantes, dos colectivos LGTBI+, das refuxiadas, das defensoras de dereitos... Un ano no que houbo as primeiras eleccións en Zimbabue logo da caída de Robert Mugabe; no que a India e Trinidad e Tobago despenalizaron a homosexualidade; no que Costa Rica converteuse no primeiro país de América Latina en contar cunha muller afrodescendente na Vicepresidencia do goberno.

No Estado español, a convocatoria de **folga feminista do 8 de marzo** encheu as rúas de mobilizacións na defensa dos dereitos das mulleres e en contra da cultura da violación e da xustiza patriarcal. En maio ETA anunciou a súa disolución e, en xuño, aprobouse unha moción de censura contra Mariano Rajoy, como resposta á corrupción do Partido Popular na trama Gürtel, que levou a Pedro Sánchez ao fronte do executivo español. En decembro, o partido de ultradereita Vox conseguiu representación parlamentaria por primeira vez, en Andalucía, e a súa entrada no hemiciclo marcou un antes e despois na política estatal.

Neste contexto, a sociedade civil mobilizouse nas rúas, nas redes sociais e nos espazos de toma de decisións en contra dos desafiuzamentos, da represión e a violencia policial, da pobreza enerxética e da privatización dos servizos públicos. En contra dos discursos de odio e das políticas que non poñen a vida das persoas no centro. En Galicia, houbo mobilizacións históricas en contra a minaría destrutiva e na defensa da sanidade pública.

O ano 2018 deixou unha chea de momentos e loitas que seguirán medrando. Nestas Memorias, atoparedes ás que marcaron a historia da Coordinadora!



QUEN SOMOS


ONGD socias

A Coordinadora Galega de ONGD cumpriu 27 anos en 2018. En 1991 fundárona dúas organizacións xa desaparecidas, Comisión Galega pro-Amazonia e Estudantes Solidarios, e co correr dos anos se lle foron sumando moitas outras, especialmente na década dos noventa. Hoxe son 46 as ONGD socias da Coordinadora.

A Asemblea Xeral da Coordinadora, onde están representadas todas as ONGD socias, celebrouse o 7 de abril de 2018. Na Asemblea incorporáronse dúas novas organizacións: a ONGD Mestura e Cooperación Internacional ONG. Por outra banda, fíxose efectiva a solicitude de baixa de Veterinarios sen Fronteiras.







Equipo de goberno

En 2018, mantívose a Xunta Directiva elixida en 2017, o órgano de representación e toma de decisións da Coordinadora formada por representantes das ONGD membro. Patricia Iglesias Fernández, representante de Enxeñería sen Fronteiras e Tesoureira da Coordinadora, deuse de baixa do equipo directivo. O seu cargo ocupouno Ángel Bañobre.

NOME	CARGO	ONGD REPRESENTANTE
ALEJANDRO QUIÑOÁ CASTELEIRO	Presidencia	Asemblea de Cooperación pola Paz
GEMA FILGUEIRA GARRIDO	Vicepresidencia	Médicos do Mundo
ÁNGEL BAÑOBRE GONZÁLEZ	Tesourería	Fundación Fabre
MARÍA PAZ GUTIÉRREZ	Secretaría	Solidariedade Internacional de Galicia
LAURA CASAL GUILLÉN	Vogalía	Amigo da Terra
LORENA SEIJO SANMIGUEL	Vogalía	Asociación Galega de Reporteiros Solidarios
PATXI DURÁN HURTADO	Vogalía	Ecos do Sur
MAIKA BELTRÁN MOREIRA	Vogalía	Oxfam Intermon

Comisións e grupos de traballo

Os grupos e as comisións de traballo son unha das canles de participación directa máis importantes da Coordinadora. Neles, as organizacións integradas e non integradas (e mesmo persoas a título individual) intercambian experiencias, saberes, reflexionan, chegan a acordos e impulsan iniciativas sobre os principais temas que afectan á axenda da Coordinadora e que permiten o cumprimento do Plan Estratéxico.


Actualmente existen tres comisións que traballan sobre temáticas concretas (educación para o desenvolvemento; incidencia política; e normativa e código de conduta) e tres grupos de traballo territoriais en Coruña (grupo Norte), en Vigo (grupo Sur) e en Lugo que teñen o obxectivo de descentralizar o traballo da Coordinadora, que ten a súa sede en Compostela, e potenciar o traballo conxunto entre as ONGD locais na organización de actividades e na incidencia política.

En 2018 púxose en marcha un novo grupo de traballo sobre migracións, formada por 8 organizacións que traballan con persoas migrantes e refuxiadas en Galicia e con persoas migrante e en tránsito nos proxectos de cooperación internacional. O obxectivo deste novo grupo é ser un espazo de formación interna sobre temas vinculados coa lexislación internacional, as políticas de fronteiras e os estudos sobre a realidade global das persoas migrantes. Tamén, ser un espazo de reflexión para combater os discursos de odio e o sistema de desinformación arredor das persoas migrantes e racializadas.

Equipo técnico

A Coordinadora tamén conta cunha equipo técnico formado por tres persoas contratadas dende hai máis de 8 anos que traballan nas áreas de administración; comunicación externa e sensibilización; e de xestión de proxectos.





O TRABALLO DAS ONGD GALEGAS NO MUNDO

En 2018 publicamos o estudo **O traballo das ONGD galegas no mundo**, un documento que se pode consultar na web da Coordinadora e que achega unha fotografía de quen son e que fan as **ONG de Desenvolvemento** que forman parte da Coordinadora Galega de ONGD. É un informe completo no que se achega, por primeira vez, información actualizada sobre a estrutura das organizacións; os proxectos de cooperación internacional que estiveron en marcha en 2017; a actual base social e o persoal contratado das ONGD; e os fondos públicos e privados recibidos en 2016. O estudo conta cunha mostra de 34 das 46 ONGD socias, un 74 % do total.

A recollida de datos e a representación dos resultados neste **mapa virtual** foi posible grazas a Emagic, un servizo web de xeolocalización de información desenvolvido polo laboratorio cartoLab da Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña.


Estes son algúns dos principais datos do informe:

- En 2017, as ONGD galegas contribuíron a mellorar as condicións de vida de 108.000 persoas de 23 países, principalmente en Centroamérica.




- Impulsáronse 68 proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento cun orzamento de 6,1 millóns de euros que tiveron por obxectivo principal garantir o acceso a dereitos básicos como a educación, a saúde e a agua potable así coma fortalecer a defensa dos dereitos humanos nas comunidades.
- Guatemala é o país con máis presenza das ONGD galegas. En 2017, executáronse 11 proxectos dos cales se beneficiaron máis de 32.000 persoas e investiuse o 23 % do orzamento total.
- Actualmente, máis de 23.000 persoas colaboran coas ONGD galegas.
- As mulleres son o cimento das organizacións: representan o 60 % das persoas asociadas, o 68 % do voluntariado e o 72 % do persoal contratado. Nos postos de máxima responsabilidade, a porcentaxe baixa ao 50 %.
- O perfil máis habitual das 1.628 persoas voluntarias que colabora coas ONGD galegas son mozas de entre 25 e 34 anos.
- Tres de cada catro ONGD galegas contan con persoal contratado en Galicia.
- O 83 % das organizacións teñen sedes nas provincias da Coruña e Pontevedra.
- O groso dos fondos que manexan as ONG de Desenvolvemento depende en maior medida da vontade individual da cidadanía galega que da vontade política das administracións públicas.
- En 2016, un 64 % dos fondos recibidos polas organizacións galegas proviña de mans privadas, principalmente de persoas particulares. O 36 % restante, de orzamentos públicos.

Voluntariado nas ONGD galegas



Persoas socias nas ongd galegas






68
proyectos

23
países

108.525
personas beneficiarias (64% mujeres; 36% hombres)

6.123.000 €
orçamento



VOCES DO SUR

Unha das principais liñas de traballo da Coordinadora dos últimos anos é promover a presenza de persoas dos países empobrecidos para que as súas voces, historias e estratexias de loita sexan coñecidas e recoñecidas en Galicia. Neste sentido, en 2018, organizamos distintas actividades.

Exposición fotográfica ‘Tecedoras do cambio’

A exposición fotográfica *Tecedoras do cambio. Historias de lideresas comunitarias que loitan por unha vida digna en América Latina, África e Asia* foi inaugurada o 28 de maio no Museo do Pobo Galego de Compostela. A exposición está composta por 23 imaxes de mulleres de 14 países que participan en procesos de desenvolvemento das súas comunidades xunto a organizacións locais e ONGD galegas. Son activistas, mariscadoras, defensoras de dereitos, promotoras de saúde, estudantes, artesás, mediadoras de conflitos, pescadoras... Todas, referentes perseverantes na construción doutro mundo posible.

A exposición é un recoñecemento público de todas as mulleres que son pezas fundamentais para o sostemento emocional e material das súas comunidades; mulleres que nunca ocuparán titulares nin estarán nos libros de historia. Mulleres coma Vanada, unha ‘intocable’ segundo o sistema de castas



lideresas_ activistas_ traballadoras_ rebeldes_



hindú que hoxe participa en procesos de empoderamento doutras mulleres; coma Doña Luci, quen con 15 anos tivo que desprazarse cara á costa como consecuencia do conflito armado dos anos oitenta en El Salvador e trinta anos despois formou unha cooperativa de mulleres mariscadoras; coma Aixa, unha muller que non coñece outra terra que o campo de persoas refuxiadas saharuís de Tindouf. Coma Juventina, Sara, Fadila... Todas, mulleres lideresas cunha historia de vida e de loita contadas en pequenas narracións que acompañan as fotograías.



A exposición estivo aberta do 29 de maio o 23 de xullo no Museo do Pobo Galego no marco da terceira edición do programa Compostela + Solidaria e, na inauguración, contou coa presenza de representantes das ONGD galegas, do alcalde da cidade, Martiño Noriega, e dos grupos municipais da cidade. Por outra banda, do 5 ao 21 de novembro a exposición estivo aberta no Pazo provincial da Deputación de Pontevedra dentro da iniciativa 'Mulleres que mudan o mundo' impulsada pola Coordinadora. Neste caso, o acto de



«MU LLE RES»

que mudan o mundo

CHARLA
DEFENSORAS DE DEREITOS.
A LOITA DAS
MULLERES
INDÍXENAS
EN GUATEMALA

PONTEVEDRA: 21 de novembro

VIGO: 22 de novembro

BUEU: 23 de novembro

CALDAS DE REIS: 27 de novembro

O GROVE: 28 de novembro



Juventina López Vázquez

Activista, mediadora de conflitos e guía espiritual.



Manuela Xocol (Ita)

Promotora dos dereitos das mulleres indíxenas e comunicadora comunitaria.



clausura da exposición contou coa presenza de dúas das mulleres retratadas: Juventina López e Manuela (Ita) Xocol. Tamén, con representatntes políticos e das ONGD.

Mulleres que mudan o mundo

Juventina López e Manuela (Ita) Xocol, dúas mulleres activistas indíxenas de Guatemala retratadas na exposición Tecedoras do cambio, visitaron Galicia do 21 ao 28 de novembro. Fixérono no marco do proxecto Mulleres que mudan o mundo impulsado pola Deputación de Pontevedra e a Coordinadora Galega de ONGD.

Juventina e Ita foron as protagonistas do ciclo de charlas 'Defensoras de dereitos. A loita das mulleres indíxenas en Guatemala' a partir das cales deron a coñecer as principais problemáticas coas que se atopan as súas comunidades; o seu activismo pola recuperación das terras que lles foron arrebatadas e da defensa dos dereitos das mulleres. Tamén, sobre os proxectos de cooperación ao desenvolvemento nos que participan xunto ás ONGD Arquitectura sen Fronteiros e Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO). As charlas, abertas ao público, tiveron lugar en Pontevedra, Vigo, Bueu, Caldas de Reis e O Grove.

As dúas lideresas tamén participaron en actividades en catro centros educativos de secundaria da provincia de Pontevedra co obxectivo de achegar ao alumnado galego a realidade dos seus países, das súas comunidades e a importancia de participar e implicarse nas problemáticas que afectan os nosos barrios e vilas. Tamén se reuniron con representantes políticos, con persoas vinculadas a proxectos sociais como a cooperativa Ullama e participaron en numerosas entrevistas en medios de comunicación.

Feminismos en Centroamérica: da loita individual das mulleres aos movementos organizados

O 16 de marzo organizamos xunto á Marcha Mundial das Mulleres unha charla con Haydée Castillo, coordinadora rexional do Foro de las Mujeres para la Integración Centroamericana e directora do Instituto de Liderazgo de Las Segovias (Nicaragua), unha organización que acompaña ás loitas das mulleres campesiñas do norte do país. A charla tivo lugar en Vigo, na Cooperativa Árbore, e contou coa presenza de máis de 30 persoas.

Castillo é unha histórica activista e defensora dos Dereitos Humanos en Nicaragua. Na década dos 70, cando era unha adolescente, sumouse á loita contra a ditadura dos Somoza e participou activamente na Revolución Popular Sandinista como dirixente estudantil e das mulleres. Dende entón, o seu activismo feminista e en defensa dos dereitos das comunidades rurais e indíxenas non cesou. Hoxe loita colectivamente por unha vida sen violencias, pola restauración da democracia e a erradicación da minaría no país. En Nicaragua, o Instituto de Liderazgo Las Segovias traballa xunto ás ONGD Solidariedade Internacional Galicia e Solidariedade Galega.



Caravana de Solidariedade con Nicaragua

Co obxectivo de informar da situación e tecer unha rede de solidariedade internacional con Nicaragua, un grupo de estudante e activistas do país centroamericano organizou unha Caravana Informativa de Solidaridad Internacional con Nicaragua que percorreu Europa. A Caravana tiña por obxectivo comunicar á comunidade internacional, actores gobernamentais, ONGD, partidos políticos,... a crise que estalou no país en abril de 2018, os motivos das protestas que se estaban dando no país e as demandas dos distintos colectivos organizados. Tamén, denunciar as graves violacións dos dereitos humanos que o goberno de Ortega levou a cabo e que acabaron coa vida de máis de 500 persoas durante 2018. A Coordinadora acolheu á Caravana xunto ás ONGD Solidariedade Galega, Solidariedade Internacional Galicia e Solida e a cidadanía nicaraguana residente en Galicia. Durante 6 meses leváronse a cabo diferentes accións e actividades conxuntas.

En xullo, Jessica Cisneros e Fidel Narváez reuníronse xunto á Coordinadora Galega de ONGD con representantes dos grupos parlamentarios para informar da crise no país e instaron ao Parlamento Galego a posicionarse publicamente na defensa dos Dereitos Humanos e en contra da represión en Nicaragua. Os grupos parlamentarios non chegaron a un consenso ao respecto e non sacaron adiante un posicionamento de condena unánime.

Onde si se aprobaron posicionamento de condena foi nos concellos de Santiago e A Coruña. O Pleno do Concello de Santiago aprobou o 19 de xullo unha moción na que se condenou a violencia en Nicaragua e na que se solicitou ao goberno de Ortega mecanismos que permitan unha saída pacífica á crise que vive o país. O 10 de decembro, Día dos Dereitos Humanos, o Pleno do Concello da Coruña aprobou




unha moción de condena á represión que está a exercer o goberno de Nicaragua contra a súa poboación e, en especial, contra as persoas defensoras de dereitos humanos. Nos dous casos, persoas de orixe nicaraguana autoconvocadas participaron no Plenos.

En xullo, a Caravana tamén se entrevistou coa Subdirección Xeral de Relacións Exteriores. Nicaragua é un dos 11 países prioritarios para a Cooperación Galega e, nos últimos 14 anos, executou 41 proxectos e 5,2 millóns de euros no país centroamericano.

No mes de decembro, dúas persoas activistas nicaraguanas que tiveron que fuxir do país visitaron Galicia para denunciar a violación de dereitos humanos e a ilegalización de organizacións da sociedade civil. Reuníronse con representantes dos grupos parlamentarios, coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta e participaron nunha charla na Librería Lila de Lilith de Compostela e na Universidade da Coruña.

En decembro, dende a Coordinadora denunciámos a ilegalización de ONG e asociacións civís por parte do goberno de Nicaragua. A raíz da reforma da Lei de Prevención Contra o Lavado de Activos no mes de xullo, e na cal se modificaron os delitos de terrorismo e financiamento terrorista, ilegalizáronse 10 organizacións que traballan na defensa dos dereitos humanos, a gobernabilidade e a democracia. Todas, ONG, asociacións e fundacións que están a reclamar o fin da represión e da vulneración dos dereitos humanos no país.



A minaría en Galicia e América Latina. Causas e consecuencias globais dos conflitos xerados polo extractivismo

O 3 de maio, o salón de actos da Facultade de Filosofía da USC acolleu unha charla arredor da minaría extractiva en Galicia e América Latina. Gustavo Castro, activista ambientalista, defensor de Dereitos Humanos, cofundador da Red Mexicana de Afectados por la Minería e membro de Amigos de la Tierra, participou no encontro. Castro, acollido a un programa de protección das persoas defensoras de dereitos que se atopan en perigo, achegouse a Galicia para participar neste encontro xunto a Isabel Vilalba Seivane, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego e membro de ContraMINAacción - Rede contra a minaría destrutiva de Galiza.

Castro achegou a súa experiencia na defensa do territorio e o medio e visibilizou como as grandes multinacionais, co apoio dos gobernos e grupos políticos, promoven a minaría destrutiva. Apuntou cales son as causas e consecuencias que xera o extractivismo na vidas das persoas e do medio e achegou datos para visibilizar que esta é unha realidade global que afecta todos os recunchos dos planeta. Pola súa banda, Vilalba falou da historia da Plataforma ContraMINAacción e da realidade da minaría en Galicia.

O día anterior, Castro participou nun encontro con representantes da Plataforma Mina Touro – O Pino NON no centros social do Pino. Neste encontro, Castro compartiu algunhas das estratexias de resistencia que se deron e se están dando en América Latina ante o avance da minaría extractiva. Dende a Plataforma compartiron a realidade da actividade mineira que afecta os seus concellos e o activismo organizado que están levar a cabo.



FEMINISMOS EN HONDURAS

A LOITA DAS 'MULLERES DEFENSORAS' NUN CONTEXTO DE VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS

Feminismos en Honduras. A loita das mulleres defensoras nun contexto de violación dos Dereitos Humanos

A Librería Lila de Lilith de Compostela acolheu o 17 de abril unha charla e espazo de encontro con activistas feministas de Honduras: Érika Mavelin García Carcamo, defensora de dereitos e educadora do programa de Fortalecemento de Liderados do Centro de Derechos de Mujeres; e Diana Elizabeth Guillén Valle, defensora de dereitos e facilitadora da Escuela de Promotoras Legales do Centro de Derechos de Mujeres.

As dúas activistas visitaron Galicia no marco do proxecto 'O mundo que queremos' no que participan distintas ONGD galegas para dar a coñecer ao alumnado de secundaria da falta de garantía dos dereitos das mulleres en Honduras. Na charla organizada o 17 de abril asistiron, principalmente, mulleres vinculadas co movemento feminista coas que compartiron a realidade da defensa dos dereitos das mulleres en Honduras, as violencias que as afectan e tamén sobre a saúde do movemento feminista e as estratexias de resistencia nun contexto de hostilidade coma o hondureño.



"El territorio también son nuestros cuerpos, nuestra sexualidad, nuestros pensamientos y nuestras propuestas de vida!"
Bertha Cáceres

FEMINISMOS EN HONDURAS

LOITA DAS 'MULLERES DEFENSORAS' NUN CONTEXTO DE VIOLACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS


LIBRERÍA LILA DE LILITH
Vía Travesía, 1 - Compostela
17 DE ABRIL
20:00 h

co participación de:
ÉRIKA MAVELIN GARCÍA CARCAMO,
activista feminista, defensora de dereitos e educadora do programa de fortalecemento de Liderados do Centro de Derechos de Mujeres (Honduras)

DIANA ELIZABETH GUILLÉN VALLE,
activista feminista, defensora de dereitos e facilitadora da Escuela de Promotoras Legales do Centro de Derechos de Mujeres (Honduras)

CHARLA, DEBATE E ESPAZO DE ENCONTRO ACOMPAÑADO DE CAFÉ E DOCE

organiza: Colaboran: Financia:



CAMPAÑAS

Ao longo do ano, a Coordinadora impulsou e participou en diversas campañas de sensibilización e mobilización dirixidas á cidadanía galega. No marco destas campañas achegamos información e organizamos actividades co obxectivo de concienciar sobre as causas e consecuencias das desigualdades e a pobreza no mundo e as posibles alternativas para o cambio. Tamén, para promover a reflexión crítica e a implicación colectiva para conseguir mudar a realidade.

COMPOSTELA
+
solidaria

Compostela + Solidaria

Por terceiro ano consecutivo, a Coordinadora Galega de ONGD e o concello de Santiago puxemos en marcha a terceira edición de Compostela + Solidaria, un programa de sensibilización para todas as idades que se levou a cabo do 25 de maio ao 15 de xuño en distintos espazos da cidade. Ao longo de 20 días programáronse obradoiros, charlas, xogos, exposicións, proxeccións e unha Feira Solidaria coa que a cidadanía compostelá tivo a oportunidade de coñecer de que forma pode 'mudar o mundo' dende o seu día a día. Tamén, de divertirse e coñecer a realidade dos países empobrecidos, o traballo das ONGD galegas e as alternativas solidarias e xustas que, dende o ámbito local, contribúen a cambiar a realidade global.





A terceira edición ademais de desenvolverse en oito Centro Socioculturais da cidade, incorporou novos espazos ao programa. O cinema Numax foi o escenario dunha mostra de curtametraxes sociais na que se proxectaron 5 títulos de directores e directoras de distintos países que tratan cuestións como o racismo, as migracións e a violencia machista. E o rematar, houbo un coloquio no que participou Álvaro Gago, o director da aclamada curtametraxe Matria, quen falou do papel do arte e o cinema na denuncia social. O Museo do Pobo Galego tamén se sumou aos novos espazos coa exposición fotográfica Tecedoras do cambio, e a Praza de Abastos, o Centro Xove da Almaciga, a carpa da Semana do Libro de Compostela (SELIC), a Biblioteca Ánxel Casal e a Universidade de Santiago acolleron algunha das máis de 20 actividades programadas.

A Feira Solidaria na Praza Roxa puxo punto e final á terceira edición de Compostela + Solidaria. Ao longo da tarde do 15 de xuño organizouse un espazo para o encontro no que se ofreceron actividades para todas as idades organizadas por ONGD galegas e colectivos e movementos sociais. Precisamente, un dos obxectivos foi vincular ás loitas locais coas globais e poñer en común as demandas dos movementos sociais galegos coas das ONG de Desenvolvemento que traballan noutros países. Para iso, as actividades programadas na Feira xiraron arredor do comercio xusto; a defensa dos dereitos humanos das mulleres e a infancia; o coidado do medio ambiente; a loita contra a xenofobia, a homofobia e a violencia de xénero; o respecto á diversidade, etc. E contarán coa colaboración de colectivos como a radio comunitaria Cuac



FM, o Secretariado Xitano, a batukada feminista Tamborililás e a Plataforma Mina de Touro – O Pino NON. Houbo xogos do mundo; obradoiros para coñecer as entrañas dos computadores, de onde veñen as súas pezas e onde acaban cando van ao lixo; un programa de radio en directo; un obradoiro para aprender a reparar a roupa; unha acción de rúa; un obradoiro de ritmos; e postos de información e venda de produtos de comercio xusto.

A terceira edición de Compostela + Solidaria foi un éxito e consolidou a proposta na axenda cultural e activista da cidade.

Comercio xusto e consumo responsable

Día Mundial do Comercio Xusto en Lugo

Coincidindo coa celebración do Día Mundial do Comercio Xusto, a Coordinadora apoiou ao grupo territorial de Lugo integrado na iniciativa Lugo Xusta que ten por obxectivo achegar e implicar á cidadanía no consumo habitual de produtos de Comercio Xusto.

Os días 11 e 12 de maio organizouse unha cea solidaria ecolóxica e de Comercio Xusto; un Videoforum a partir da proxeción do Documental *FoodCoop*, a película no que se amosan alternativas ao consumo convencional; e a Feira de Celebración do Día Mundial do Comercio Xusto que contou con 16 postos de venda e información e distintas actividades para todas as idades como un obradoiro de cociña infantil e un desfile de moda xusta.





Espazo de Comercio Xusto e Economía Solidaria en Vigo

En xuño, a Rede Social Galicia Sur e a campaña Impórtanos, das cales as ONGD do grupo Sur da Coordinadora forman parte, organizaron un espazo de comercio xusto e economía solidaria no marco da Festa da Alegría organizada pola Asociación Veciñal do Calvario, en Vigo. Durante todo o día, houbo postos de información e venta de produtos de comercio xusto, propostas de moda sostible e alternativas de consumo responsable. Tamén, un programa de radio en directo sobre Comercio Xusto e a Economía Solidaria, con entrevistas a representantes de Oxfam Intermón, Solidariedade Internacional de Galicia, Nosa Enerxía, Fiare Banca Ética.



Chocolatada polo consumo responsable

Coa vontade de sensibilizar sobre a necesidade de consumir responsablemente, tamén, durante as Festas de Nadal, o Mercado da Terra e a iniciativa Lugo Xusta, da cal as ONGD do grupo territorial de Lugo forman parte, organizaron o 11 de decembro a terceira edición da Chocolatada Xusta. O Mercado Municipal Quiroga Ballesteros da cidade acolleu unha xornada lúdica e de concienciación sobre o impacto que ten o consumo cotiá noutras persoas e o medio. Tamén, sobre a importancia de consumir de xeito responsable e xusto a través de iniciativas que se atopan nos nosos barrios e vilas.

As persoas asistentes que participaron nunha xincana para reflexionar sobre o proceso de produción e comercialización dos produtos que consumimos a diario puideron desfrutar dun chocolate de comercio xusto. Tamén se programou un espazo de circo e unha actuación musical.



Campaña polo 'X solidario'

A Coordinadora, xunto á Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) e o CERMI, participou un ano máis na presentación e difusión da campaña do X Solidario. Esta é unha campaña impulsada a nivel estatal que ten por obxectivo promover que cada contribuínte marque na declaración da renda o recadro de 'Actividades de Interés Social' para que o 0,7% da súa cota íntegra, é dicir, dos seus impostos, se destine a financiar programas dirixidos a colectivos e persoas que están en situación de vulnerabilidade en Galicia e nos países empobrecidos.

O 5 de abril, Compostela acolleu a presentación da campaña dun acto que reuniu a máis de 400 persoas que formaron un 'X' xigante na Praza do Obradoiro para visibilizar a importancia de marcar o recadro de fins sociais na declaración da renda. Tamén se presentaron os datos da recadación de 2017 que amosaron que en Galicia unha de cada dúas declarantes (54%) marcou o 'X solidario' e se recadaron case 15,5 millóns de euros.

Difusión da Axenda 2030 e os ODS

O 24 de novembro retomamos unha actividade de sensibilización para o público familiar que xa iniciáramos no 2016 arredor da Axenda 2030 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): a xornada 'Construíndo o mundo que queremos' impulsada polo Grupo Sur da Coordinadora en colaboración coa Rede Social Galicia Sur (que aglutina a diversos colectivos sociais e de cooperación da cidade), e coa campaña Impórtanos de Vigo.

A xornada celebrouse no Tinglado do Porto de Vigo e contou con xogos cooperativos, obradoiros, exposicións, postos informativos, un desfile de moda e unha sesión de contacontos no que os ODS foron o fío condutor arredor de tres grandes bloques.






Paro Internacional de Mulleres – 8 de marzo

En 2018 o movemento feminista convocou unha nova folga internacional para visibilizar a forza e a indignación ante as violencias machistas, a vulneración dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, a desigualdade laboral, as discriminacións no acceso aos recursos económicos, sociais e ambientais, e a invisibilización dos coidados que, na súa maioría, realizan as mulleres en todo o mundo. As mulleres constitúen o 70 % das persoas que viven en situación de extrema pobreza no mundo. Malia que realizan dúas terceiras partes do traballo a nivel mundial, só reciben o 10 % dos ingresos. Unha de cada tres mulleres ten sufrido violencia física, sexual ou psicolóxica. E 800 morren cada día por causas previsibles relacionadas co parto e o embarazo

Dende a Coordinadora Galega de ONGD sumámonos ao paro laboral convocado para o 8 de marzo e fixemos noso o chamado a todas as mulleres para que se uniran ao paro laboral, de consumo, de coidados e estudantil para demostrar o imprescindible do traballo das mulleres en todos os ámbitos da vida. Tamén fixemos un chamamento para que as mulleres participaran das distintas mobilizacións e accións de protesta que tiveron lugar nas vilas e cidades galegas.

PARA TRANSFORMAR A VIDA DAS MULLERES

FOLGA DE COIDADOS - FOLGA LABORAL - FOLGA DE CONSUMO



4M
Manifestación
nacional
Vigo - 12:00


8M
Folga de mulleres
Convocatorias
locais

8 marzo 2018



MUJERES DEL MUNDO
EN HUELGA

PARTICIPACIÓN E TRABAJO EN REDE



Unha das liñas estratéxicas da Coordinadora é a de potenciar e afianzar alianzas con organizacións e colectivos cos que compartimos o obxectivo de transformar a realidade a través da loita contra a pobreza, a promoción da xustiza social e o coidado do medio e entre as persoas. Tamén participamos en espazos de representación do sector e en encontros, xornadas e formacións aos que nos convidan para tomar a palabra e contar quen somos e que facemos como plataforma de representación das ONGD.

En 2018 formamos parte dos seguintes espazos de traballo:

Coordinadora Estatal de ONGD

Rede de Coordinadoras Autonómicas

A Coordinadora Galega de ONGD é, dende 2013, voceira da Rede de Coordinadoras Autonómicas. A Rede é un órgano propio que forma parte da Coordinadora Estatal de ONGD e conta con representantes das 17 Coordinadoras Autonómicas de todo o Estado. A Rede é un espazo para a incidencia



COORDINADORA
ONG PARA EL DESARROLLO
ESPAÑA

política conxunta no eido da cooperación descentralizada e tamén para o intercambio de experiencias e boas prácticas dos distintos territorios. Organízanse reunións trimestrais.

En 2018, tres persoas da Coordinadora participaron nunha formación online impartida pola Coordinadora de ONGD de Euskadi para a Rede de Coordinadoras Autonómicas sobre como marcar unha estratexia de incidencia en Axuda Oficial ao Desenvolvemento nas distintas administracións públicas.



Equipo Directivo

A Coordinadora Galega de ONGD, a través da vicepresidenta Gema Filgueira, ocupa o posto da Vicepresidencia Primeira do Equipo Directivo da Coordinadora Estatal de ONGD en representación da Rede de Coordinadoras Autonómicas. Ao longo de 2018, participamos en 9 reunións convocadas para a toma de decisións, planificación do traballo e posta en marcha de novas actividades e campañas.

Futuro en Común

Dende 2017 participamos en 'Futuro en Común', un espazo de encontro entre organizacións, movementos sociais, redes e plataformas que traballan tanto no Estado como noutros países do mundo para acabar coa pobreza e as desigualdades e frear a crise ambientais do planeta. Este espazo xurdiu dende a Coordinadora Estatal de ONGD e ten o obxectivo de compartir axendas, identificar loitas compartidas e elementos comúns e diverxencias entre as súas participantes. Tamén, trazar accións conxuntas que posicionen as nosas demandas no centro das axendas locais e globais.



Quorum Global

Do 19 ao 21 de outubro Málaga acolleu o Encontro das Illas Encendidas, un espazo onde ONGD, colectivos, movementos sociais, asociacións e persoas diversas interesadas en conectar as loitas pola transformación social compartiron experiencias e debateron co obxectivo de construír, colectivamente, unha axenda de traballo conxunta. O Encontro das Illas Encendidas enmarcouse en Quorum Global, unha iniciativa impulsada por colectivos e persoas moi diversas.



Dende a Coordinadora Galega de ONGD participamos na coorganización do encontro a través de reunións online e colaborando na sistematización de datos no propio encontro. Asistiron tres ONGD que forman parte da Xunta Directiva da Coordinadora, ademais da Secretaría Técnica. Tamén fixemos un esforzo para que representantes de organización e movementos sociais de Galicia como REAS Galicia, Mostra do Posible e FairCoin Galicia participaran no encontro. Ao longo de tres días organizáronse mesas, obradoiros, espazos de traballo e plenarias para marcar liñas de traballo conxunto. Tráballose arredor de diferentes eixes (ecoloxismo, feminismos e coidados, democracia...) e dinámicas (os laboratorios) para coincidir finalmente todo o mundo nunha plenaria na que se presentaron as conclusións. Para rematar, organizouse unha manifestación en contra das políticas de fronteiras e migratorias.




Espazos de participación

Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE)

O CONGACODE é o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento. Está formado por representantes da Xunta de Galicia, da administración local galega e do resto dos axentes galegos de cooperación. En 2018, o CONGACODE convocouse nunha ocasión na que, entre outras cuestións, votouse e aprobouse o IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021. Na votación, as cinco persoas representantes das ONGD galegas abstivéronse pero deixando claro a vontade que tiña o sector de votar favorablemente despois do esforzo feito para conseguir que as demandas das ONGD, presentadas en diversas ocasións a representantes da Xunta, foran incorporadas.





Grupo de traballo de Educación para o Desenvolvemento do CONGACODE

En 2018 a Xunta de Galicia convocou por primeira vez o Grupo de traballo de Educación para o Desenvolvemento do CONGACODE, un espazo de traballo con axentes educativos como as ONGD, as Universidades, o Fondo Galego de Cooperación... Neste espazo a Coordinadora conta con dúas persoas representantes. O obxectivo do grupo é darlle seguimento á execución da Estratexia Galega de Educación para o Desenvolvemento e coordinar o traballo dos distintos axentes.

Consello de Acción Exterior de Galicia

O Consello de Acción Exterior de Galicia é o órgano asesor do executivo galego naqueles asuntos relacionados coas actuacións no estranxeiro. A Coordinadora Galega de ONGD participa como representante das organizacións de desenvolvemento galegas. En 2018 convocouse nunha ocasión.

Consello de Acción Voluntaria

O Consello Galego de Acción Voluntaria é o máximo órgano de participación, coordinación, asesoramento e consulta en materia de acción voluntaria. A Coordinadora participa como representante das ONG de Desenvolvemento. En 2018, participamos na organización do XX Congreso Estatal de Voluntariado que tivo lugar en Ourense no mes de novembro formando parte de dúas comisións de traballo. Principalmente, dende a Coordinadora propuxemos traballar e reflexionar arredor dos novos modelos de voluntariado e de participación social.




Participación en xornadas e cursos externos

Mostra do Posible

A Coordinadora participou na segunda edición da Mostra do Posible, un encontro de entidades da economía social e solidaria, movementos sociais e ONG que busca visibilizar a existencia de alternativas para construír un mundo máis xusto, crear vínculos entre os diversos colectivos participantes e, especificamente, avanzar na construción dun Mercado Social Galego. A participación da Coordinadora enmarcouse na presentación de Quorum Global e o Encontro das Illas Encendidas de Málaga no que participamos e que, precisamente, centrouse en crear un espazo de encontro e traballo conxunto entre entidades e movementos sociais.

II Xornadas Transfronterizas de ED

A Plataforma de ONGD de Portugal, o Instituto Camões de Portugal, a Agencia Extremeña de Cooperación e Coordinadora Extremeña de ONGD organizaron en marzo as II Xornadas Transfronterizas sobre Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global (ED) na que participaron dúas persoas da Coordinadora. O encontro foi en Lisboa e, como na primeira edición na que tamén participamos, tiñan por obxectivo o coñecemento mutuo e a reflexión conxunta dos distintos axentes educativos de Portugal e as comunidades autónomas fronteirizas co país luso. Durante as dúas xornadas compartíuse teoría e a práctica arredor da ED e a forma de traballar das organizacións, administracións, centros educativos e de formacións, etc., e promocionouse a posibilidade de establecer sinerxias para a presentación de proxectos conxuntos na UE.



As persoas en el foco periodístico: Resistencias e alternativas ao discurso do odio e ás novas falsas

En outubro participamos neste curso organizado pola Coordinadora Estatal de ONGD na Universidade Complutense de Madrid, na que comunicadoras, investigadoras e representantes de organizacións sociais reflexionamos sobre o sistema de desinformación, os discursos do odio, a liberdade de expresión e a responsabilidade que temos a sociedade civil organizada de xerar resistencias e alternativas. Elaboramos un decálogo contra os discursos de odio e marcamos retos de traballo conxunto.

A localización dos ODS e as políticas públicas municipais de cooperación ao desenvolvemento

En maio participamos nas xornadas 'A localización dos ODS e as políticas públicas municipais de cooperación ao desenvolvemento' organizadas polo Fondo Galego de Cooperación. Ademais de asistir como oíntes, a Coordinadora participou de forma específica como poñente de dous obradoiros simultáneos: o de xestión da convocatoria pública municipal de cooperación ao desenvolvemento e o de xestión de actividades de educación para a cidadanía global desde os municipios e deputacións. A nosa participación centrouse en achegar aprendizaxes e recomendacións arredor de como xestionar as convocatorias de proxectos e as actividades de ED logo da experiencia de acompañamento da Coordinadora a distintos concellos.




INCIDENCIA POLÍTICA

A incidencia política persegue a transformación das políticas municipais, nacionais e internacionais de cara á acadar a transformación e a xustiza social. As accións que se levan a cabo neste ámbito intentan influír nos organismos e nas persoas que dende distintos ámbitos toman decisións que afectan ao benestar de todos e todas. Tamén busca a mobilización e a implicación da cidadanía para que se impliquen colectivamente nos procesos que deben permitir o cambio social.

Xunta de Galicia

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia

A Cooperación Galega, o nome que recibe a política pública de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, xestiónase dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores (DXRREE) e coa UE, o departamento do goberno con competencias e orzamento sobre esta cuestión dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia.




A Coordinadora fai nela especial incidencia coa vontade de mellorar a política autonómica de cooperación. Neste sentido, e ao longo de 2018, traballou en diversas liñas:

Reunións co Vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda. Neste encontros trasladamos as nosas demandas durante o proceso de elaboración do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 e acompañamos a dúas activistas de Guatemala que traballan en proceso de desenvolvemento xunto a ONGD galegas, e que se atopaban en Galicia convidadas pola Coordinadora, para compartir os avances conseguidos gracias ao apoio da cooperación galega.

Reunións coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Ao longo do ano mantivemos, como ven sendo habitual, xuntanzas de seguimento e información nas que se trataron cuestións vinculadas coa AOD galega, as bases das convocatorias, novidades nos Plans de traballo anuais, etc. Tamén se fixo un traballo específico de incidencia en relación ao contido do IV Plan Director de Cooperación Galega.

Consellería de Educación

En 2018, a Comisión de Educación para o Desenvolvemento (ED) seguiu adiante coa iniciativa de organizar unha formación dirixida ao profesorado sobre como incorporar o enfoque da ED nas aulas e ofrecela dende o Centro Autonómico de Formación e Información (CAFI) da Consellería de Educación. Ademais de desenvolver un programa para a formación establecéronse as bases para colaborar coa Consellería de Educación para conseguir que a formación sexa un curso propio da Xunta de Galicia.



Parlamento de Galicia

En 2018 reunímonos cos representantes dos catro grupos parlamentario para catro cuestións específicas: informar das nosas demandas respecto o IV Plan Director da Cooperación Galega que foi aprobado no Parlamento Galego; organizar un espazo de encontro con representantes da Caravana de Solidariedade con Nicaragua; traballar internamente para a organización dunha posible viaxe de representación



parlamentaria a Guatemala en 2019 para coñecer sobre terro os proxectos de cooperación para o desenvolvemento financiados con fondos públicos; e acompañamento na visita de dúas activistas de Guatemala presentes en Galicia.


Concellos e Deputacións

Mantivéronse xuntanzas periódicas coas principais administracións locais que traballan no eido da cooperación ao desenvolvemento para facer seguimento e avaliación constante da evolución da política de cooperación ao desenvolvemento a nivel local. En concreto, en 2018 reunímonos con representantes dos concellos de Lugo, Compostela e A Coruña e coa Deputación de Pontevedra e A Coruña. Tamén se enviaron cartas ás alcaldías das sete principais cidades galegas e ás presidencias das catro Deputacións con motivo da elaboración dos orzamentos para 2019 para recordar a necesidade de reservar orzamentos para destinar a política pública de cooperación.

Por outra banda, a Xunta Directiva e a Comisión de Incidencia realizaron un constante seguimento de avances das demandas electorais da Coordinadora para a política municipal de cooperación ao desenvolvemento para lembrar ás persoas responsables das administracións a nosas demandas.

Fondo Galego de Cooperación ao Desenvolvemento

En 2018, a Coordinadora e o Fondo acordaron elaborar conxuntamente un estudo sobre a cooperación local galega que dea conta da súa evolución durante os últimos catro anos e que servirá como ferramenta para facer incidencia na demanda de melloras. Mantivéronse distintas reunións nas que se definiu o marco do estudo que se empezou a elaborar en 2018 e presentárase en 2019.



XORNADAS E FORMACIÓNS

Xornadas 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: o papel da sociedade civil organizada'

O 4 de outubro a Coordinadora organizou as xornadas 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: o papel da sociedade civil organizada' para que, de forma colectiva, organizacións, universidades e administración públicas responderamos preguntas arredor dos ODS: para que nos serve a Axenda ás organizacións da sociedade civil? Cal debería ser o noso papel no seu impulso? Con quen e como deberíamos tecer alianzas para conseguilo? Que se está facendo noutros territorios?

Combinouse unha primeira parte expositiva, aberta a público xeral, cunha sesión de traballo interno para as ONGD socias da Coordinadora. Na primeira parte, participou unha representante da Coordinadora Estatal de ONGD; a Directora Xeral de Cambio Climático, actual representante de Galicia no Foro de Alto Nivel para a Axenda 2030; representantes de Concellos e os autores do estudo A implantación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible en Galicia. Tamén, actores galegos chamados a participar na implementación da Axenda (EAPN-Galicia, Fondo Galego de Cooperación e as Universidades públicas) para coñecer o traballo que está a facer e detectar posibles alianzas.

Na segunda parte, dinamizouse un obradoiro interno no que se compartiron os posicionamentos e reflexións das ONGD galegas arredor do noso papel na implementación da Axenda 2030.



Curso 'Xestión de puntos de venda de Comercio Xusto'

En marzo organizamos o curso 'Xestión de puntos de venda de Comercio Xusto' dirixido a todas as persoas vinculadas ao mundo da economía social interesadas e, en especial, ás socias, voluntarias e técnicas das ONGD. A formación foi facilitada por Lucas Ricoy, consultor e formador en equipos de traballo, xestión de recursos humanos e técnicas de venda. No curso tratáronse cuestións coma loxística e xestión de inventarios, almacenamento de mercancías, selección de provedores, xestión de pedido e inventarios. A formación deu resposta a demandas das ONGD vinculadas ao comercio xusto de mellorar os seus coñecementos neste tipo de cuestións.



Curso sobre a xestión orientada a resultados e enfoque baseado en Dereitos Humanos

En setembro organizamos un cursos sobre xestión orientada a resultados e enfoque baseado en Dereitos Humanos, unha formación técnica demandada polas propias ONGD. O curso dirixiuse a persoal técnico das organizacións galegas responsable da planificación e xestión de programas e proxectos de cooperación ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento. Tamén, a outras persoas e entidades interesadas.

A formacións durou dous días e foi impartida por CIDEAL, unha entidade con ampla experiencia formativa en formulación de proxectos. Os obxectivos foron dar a coñecer os fundamentos da xestión orientada a resultados e enfoque baseado en Dereitos Humanos e a súa relación coa xestión de proxectos e o Enfoque do Marco Lóxico; abordar o proceso de selección de indicadores axeitados para a xestión de proxectos de desenvolvemento; e dar a coñecer os cadros de seguimento de resultados como instrumento para a xestión de programas e proxectos.

CURSO

XESTIÓN ORIENTADA A RESULTADOS E ENFOQUE BASEADO EN DEREITOS HUMANOS

CURSO DE BAL DE 25 PRAZAS
con 100% de aforoamento garantido a 0,9€

10 e 11 de setembro de 2018

de 10:00 a 14:00h e 15:30 a 18:30h.

Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP) Compostela.
Polígono das Fertilas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.


COMUNICANDO

Alén de difundir as actividades que levamos a cabo, dende a Coordinadora queremos tomar a palabra a partir das distintas ferramentas de comunicación das que dispoñemos co obxectivo de expresar a nosa visión do mundo e a nosa forma de querer transformalo.

Plan de comunicación da Coordinadora


En 2018 empezouse o proceso de elaboración do Plan de Comunicación da Coordinadora que está previsto rematar o próximo ano. En 2018 levouse a cabo a primeira fase do proceso consistente en facer unha análise da situación comunicativa da Coordinadora, dos seus públicos internos e externo e unha análise da comunicación a través dun documento de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO). Por outra banda, definíronse os obxectivos de comunicación interna e externa, divididos por públicos e áreas de traballo. E elaborouse un documento que servirá como base para o desenvolvemento, en 2019, dos Plans de traballo anuais.

Para levar a cabo este traballo contouse co acompañamento e asesoramento de Marta Caravantes, membro de CIPÓ Company, unha consultora con experiencia de traballo en comunicación transformadora con entidades sociais. Tanto a Secretaría Técnico como a Xunta Directiva reunímonos e traballamos neste sentido.



Comunicación interna

A comunicación interna é imprescindible para o fomento da participación na Coordinadora, para manter unha canle de comunicación bidireccional coas organizacións socias e os distintos grupos de traballo e o fortalecemento do traballo colectivo. A través desta vía, achégase información que afecta ao sector nos ámbitos normativos, de incidencia política, de traballo en rede... A comunicación interna é tamén fundamental para levar a cabo proceso de avaliación e de consulta. En 2018, enviamos 53 comunicado internos e atendemos numerosas consultas por teléfono e correo electrónico.



Comunicación externa

A comunicación externa é imprescindible para trasladar á cidadanía as nosas posicións e propostas; narrar con rigor os asuntos que nos preocupan e ocupan; e informar sobre o que estamos a facer nos distintas liñas de traballo. As ferramentas que utilizamos para isto son a nosa web e newsletter, as redes sociais, as notas de prensa, as campañas e exposicións, a presenza en medios de comunicación, a posta en marcha de programas de actividades, as memorias...

En 2018 destaca a posta en marcha da nova web e o rediseño do newsletter, o boletín que enviamos de forma periódica a máis de 400 persoas para achegar información publicada na web: novas, convocatorias, ofertas de emprego, actividades, opcións de voluntariado, etc. Tamén destacou a elaboración e deseño de 'Tecedoras do cambio', unha exposición formada por 23 fotografías de mulleres lideresas coas que traballan as ONGD galega nos países do Sur.




Por outra banda, ao longo do ano traballamos para difundir o ideario e as actividades da Coordinadora e para ofrecer un altavoz ás ONGD galegas e ás organizacións do Sur. En 2018 a Coordinadora seguiu traballando para ter presenza de calidade nos medios de comunicación galegos. Explicamos cal é o traballo que desenvolvemos as ONGD, cal é a importancia do voluntariado, o imprescindible do cumprimentos dos compromisos políticos en materia de cooperación, a necesidade dunha sociedade crítica e comprometida... Tamén, ofrecemos unha interpretación crítica e alternativa da realidade global poñendo un especial foco na concepción de que dende o ámbito local é imprescindible comprometerse para mudar o contexto global; e promovendo alternativas aos discursos de odio que están a cobrar protagonismo, especialmente nas redes sociais. No ano 2018 acadáronse 82 impactos comunicativos en televisión, radio e en prensa escrita e dixital. Organizamos 3 roldas de prensa, enviamos 16 notas de prensa e concedemos 16 entrevistas.



Análise política

O traballo de análise política, descrito ao longo deste documento, garante a valoración das propostas políticas que se levan a cabo no eido da cooperación ao desenvolvemento dende o ámbito local, autonómico, estatal e tamén sectorial. Este traballo, composto por múltiples achegas dos grupos de traballo que temos en marcha, a Coordinadora Estatal de ONGD e a Rede de Coordinadoras Autonómicas é imprescindible para elaborar e construír análises que promoven a incidencia e a transformación política a favor da xustiza social e os dereitos humanos. Destacan en 2018, a primeira fase do estudo sobre a cooperación local en Galicia, a defensa das demandas para o IV Plan Director de Cooperación Galega, a análise da evolución da política pública de cooperación ao desenvolvemento no ámbito autonómico e local, e un manifesto que xurdiu do grupo de migracións en relación ás dificultades atopadas na xestión de expedientes en mans do Servizo de Estranxeiría en Galicia.




TRANSPARENCIA

Ferramenta de transparencia e bo goberno

No ano 2009, a Comisión de Normativa propuxo como instrumento de seguimento e cumprimento do Código de Conduta da Coordinadora a adopción da ferramenta de transparencia e bo goberno da Coordinadora Estatal de ONGD. Esta ferramenta foi deseñada coma unha relación de indicadores obxectivamente verificables que, acompañada dunha metodoloxía de uso, permite verificar o grao de transparencia e bo goberno das ONGD e da propia Coordinadora. Por un lado, esta iniciativa quere ter un enfoque promotor da transparencia e o bo goberno entre as ONGD membro, identificando unha serie de parámetros que o conxunto do sector identifica como boas práctica. E polo outro lado, a aplicación deste procedemento suporía un exercicio público de rendición de contas.


De acordo coa modificación aprobada na Asemblea Xeral de ONGD socias en abril de 2018, entre os anos 2016 a 2018 as ONGD socias poderán presentar a autoavaliación da ferramenta de transparencia de forma voluntaria, no 2019 a ferramenta con auditoría, aínda de forma voluntaria, e, no 2020, con auditoría e xa de maneira obrigatoria.

En 2018, 5 ONGD animáronse a iniciar este proceso de revisión e adaptación á ferramenta de transparencia e bo goberno e xa son 15 as ONGD que puxeron en marcha este proceso. Revisouse a documentación aportada, marcáronse reunións individuais, visitáronse as súas sedes para ver os problemas concretos e individuais atopados por cada unha e revisar a documentación precisa para o visto bo do cumprimento da Ferramenta.




A Coordinadora en cifras

Reunións internas



Reunións externas



Formacións



Comunicación interna



Comunicación externa



Redes sociais



Datos económicos 2018

Balance abreviado ao peche do exercicio 2018

ACTIVO	2018	2017
A) ACTIVO NO CORRIENTE	3.974,69	4.881,29
I. Inmovilizado intangible	2.498,17	3.404,77
5. Aplicaciones informáticas	2.498,17	3.404,77
V. Inversiones en entidades del grupo y asociadas a largo plazo	575,00	575,00
3. Valores representativos de deuda	575,00	575,00
VI. Inversiones financieras a largo plazo	901,52	901,52
1. Instrumentos de patrimonio	901,52	901,52
B) ACTIVO CORRIENTE	20.005,47	23.610,04
IV. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar	9.300,00	15.685,50
1. Clientes por ventas y prestaciones de servicios		15.235,50
3. Deudores varios	300,00	450,00
6. Otros créditos con las administraciones públicas	9.000,00	
VIII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	10.705,47	7.924,54
1. Tesorería	10.705,47	7.924,54
TOTAL ACTIVO (A + B)	23.980,16	28.491,33

PASIVO	2018	2017
A) PATRIMONIO NETO	19.985,06	21.268,23
A-1) Fondos propios	19.985,06	21.268,23
I. Dotación fundacional/Fondo social	16.287,53	15.606,21
1. Dotación fundacional/Fondo social	16.287,53	15.606,21
II. Reservas	1.379,92	1.379,92
2. Otras reservas	1.379,92	1.379,92
III. Excedentes de ejercicios anteriores	3.600,78	875,49
1. Remanente	9.162,89	6.437,60
2. (Excedentes negativos de ejercicios anteriores)	-5.562,11	-5.562,11
IV. Excedente del ejercicio	-1.283,17	3.406,61
B) PASIVO NO CORRIENTE		
B) PASIVO CORRIENTE		
VI. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar	3.995,10	7.223,10
3. Acreedores varios	-303,89	3.085,50
6. Otras deudas con las administraciones públicas	4.298,99	4.137,60
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)	23.980,16	28.491,33

Conta de resultados abreviada ao peche do exercicio 2018

	2018	2017
A) Operaciones Continuada		
1. Ingresos de la actividad propia	110.869,06	100.213,27
a) Cuotas de asociados y afiliados	10.050,00	9.600,00
d) Subvenciones imputadas al excedente del ejercicio	100.819,06	90.613,27
2. Ventas y otros ingresos de la actividad mercantil	14.900,00	15.335,5
3. Gastos por ayudas y otros	-780,00	-795,00
a) Ayudas monetarias	-780,00	-795,00
7. Otros ingresos de la actividad	281,50	420,75
8. Gastos de personal	-82.338,36	-79.788,71
a) Sueldos, salarios y asimilados	-62.585,76	-60.644,08
b) Cargas sociales	-19.752,60	-19.144,63
9. Otros gastos de la actividad	-43.308,77	-31.763,66
a) Servicios exteriores	-43.296,26	-31.751,25
b) Tributos	-12,51	-12,41
10. Amortización del inmovilizado	-906,60	-221,61
A.1) EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	-1.283,17	3.400,54
14. Ingresos financieros		6,07
b) De valores negociables y otros instrumentos financieros		6,07
b2) De terceros		6,07
A.2) EXCEDENTE DE LAS OPERACIONES FINANCIERAS (14+15+16+17+18)		6,07
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)	-1.283,17	3.406,61
A.4) EXCEDENTE DEL EJERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONES CONTINUADAS (A.3+19)	-1.283,17	3.406,61
B) Operaciones Interrumpidas		
A.5) Variación de patrimonio neto reconocida en el excedente del ejercicio (A.4+20)	-1.283,17	3.406,6
C) Ingresos y Gastos imputados directamente al patrimonio neto		
D) Reclasificaciones al Excedente del ejercicio		
E) Variaciones de Patrimonio Neto por ingresos y gastos imputados directamente al patrimonio neto (C.1+D.1)		
F) Ajustes por cambios de criterio		
G) Ajustes por errores		
H) Variaciones en la Dotación Fundacional o fondo social		
I) Otras variaciones		
J) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DEL PATRIMONIO NETO EN EL EJERCICIO (A.5+E+F+G+H+I)	-1.283,17	3.406,61



Memoria de
ACTIVIDADES 2018